

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac5632833747169302891.doc

Asunto: Transferencia de crédito 17-2025 Prórroga auxiliares Mobilidade

DECRETO

EXCMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA Á PRÓRROGA DO NOMEAMENTO INTERINO DE TRES POSTOS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO NA SECCIÓN DE MOBILIDADE URBANA E SANCIÓN, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS POR UN PERÍODO DE TRES MESES.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 17-2025, por un importe total de 25.000,00 €, dentro do vixente orzamento municipal do 2025, para dar cobertura á prórroga do nomeamento interino de tres postos de auxiliar administrativo na sección de mobilidade urbana e sancións, por acumulación de tarefas por un período de tres meses, según por de manifesto na súa solicitude a xefa de sección de Mobilidade, María Isabel Varela López o 10.06.2025 coa conformidade do responsable da área xestora e vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase por parte deste, a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

"(...)Solicitude de TRANSFERENCIA DE CREDITO PARA COBERTURA de TRES postos de AUXILIAR ADMINISTRATIVO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS POR UN PERÍODO DE 3 MESES.

Vista a necesidade de proceder á cobertura de 3 postos de auxiliar administrativo na Sección de Mobilidade Urbana e Sancións, ós efectos da toma de datos para autorizacións de acceso de vehículos á ZBE e considerando as comunicación realizada polo Servizo de Persoal.

Tendo en conta que o número de vehículos cuxo domicilio consta na zona peonil e de máis 1809 e segundo os datos facilitados polo Servizo de Facenda Local relativo ó Padron de Unidades Fiscais 2024, o número de vehículos cuxo domicilio consta na zona peonil supera os 2.800 vehículos ós que hai que engadir os vehículos de transportistas, servizos e outros usuarios polo que se constata que o número de solicitudes de autorización de acceso é insuficiente.(...)"

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Refs: 2025/913, do 12.06.2025, así como os RCMOD Ref.: 38046/2025, RCMOD Ref.: 38047/2025 e RCMOD Ref.: 38049/2025 por importe total de 25.000,00 € do 11.06.2025.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 25.000,00 € para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

APLICACIÓNS		APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE	
-------------	--	-------------------------------	--

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac5632833747169302891.doc

Asunto: Transferencia de crédito 17-2025 Prórroga auxiliares Mobilidade

ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO	IMPORTE €	INCREMENTAN CRÉDITO	IMPORTE €
13200.12001	9.408,00 €	13000.14301	19.000,00 €
13200.12100	6.077,00 €	13000.16000	6.000,00 €
13200.12100	9.515,00 €		
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	25.000,00 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	25.000,00 €

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.